

Por un presente e un futuro sen violencias machistas para as mulleres

UGT súmase ao berro global do 25N, Día Internacional da Eliminación da Violencia Contra as Mulleres, para denunciar que as violencias machistas seguen atravesando as vidas das mulleres e que isto supón unha gravísima vulneración dos seus dereitos humanos, contraria ás nosas democracias.



UGT súmase ao berro global do 25N, Día Internacional da Eliminación da Violencia Contra as Mulleres, para denunciar que as violencias machistas seguen atravesando as vidas das mulleres e que isto supón unha gravísima vulneración dos seus dereitos humanos, contraria ás nosas democracias.

Trátase dunha realidade terrible que é preciso visibilizar, denunciar, previr e erradicar, e sempre escoitar, crer e protexer ás mulleres afectadas. Porque mozas e maiores, migradas ou racializadas, con discapacidade, excluídas, en situacións máis vulnerables, traballadoras, pensionistas ou en paro, todas as mulleres na nosa diversidade sufrimos con maior ou menor intensidade estas violencias.

Non haberá xustiza, igualdade e liberdade efectivas, nin un presente e un futuro dignos mentres a metade da poboación esteamos suxeitas ao freo e ás consecuencias da violencia machista de maneira estrutural.

Nas relacións persoais, nos traballos, nos espazos de lecer, na política, en todos os ámbitos da vida é preciso traballar para eliminala por completo e para instalar a TOLERANCIA CERO fronte a violencia de xénero. Para implementar políticas efectivas para a prevención, que incidan na destrución dos estereotipos que sosteñen o patriarcado e que terminan

desembocando en violencias. E tamén políticas de reparación para as mulleres sobreviventes.

Hai xa tempo que desde o feminismo e tamén desde o sindicalismo gritamos ACABOUSE.

UGT poñe toda a súa forza e o seu compromiso sindical ao servizo desta causa neste momento clave e por momentos descorazonador, no que ante os avances dos últimos anos érguese o risco de retrocesos, e mentres os indicadores lanzan resultados insoportables.

As cifras da vergoña

Segundo as estatísticas oficiais, no que vai de ano, 40 mulleres foron asasinadas polas súas parellas ou exparellas, 4 delas en Galicia e son 1.284 as vítimas mortais de Violencia de Xénero desde o 1 de xaneiro de 2003 no Estado e 71 na nosa comunidade. Mención á parte merece a violencia vicaria, os e as menores asasinados/asasinadas por violencia de xénero, que este ano ascenden a 10, o que supón a cifra máis alta de toda a serie, desde 2013. En total, 63 menores desde ese ano, deles 3 menores galegos.

Pero é que, ademais, os feminicidios van moito máis alá dos asasinatos cometidos no marco da parella e a exparella. Isto, que era unha verdade proclamada a voces desde o feminismo e que se recoñeceu e

reclamou tamén desde o Convenio de Istambul cristalizou nas estatísticas oficiais que, desde 2022, recollen outros tipos de feminicidios. Os últimos datos corresponden ao primeiro semestre de 2024, e contabilizan tres feminicidios familiares, dous sociais e un feminicidio sexual. Desde 2022 a cifra total de asasinadas por estes outros conceptos que tamén son violencia machista, ascende a 62.

As cifras marean e indignan e, con todo, sabemos que as asasinadas son só a punta do iceberg das violencias, cuxa magnitude se mide en moitas outras dimensións. E non son só cifras, cada vida conta.

Segundo datos do Consello Xeral do Poder Xudicial, só no segundo trimestre de 2024 recibíronse 50.536 denuncias por violencia de xénero, un 4,79% máis que en 2023. En Galicia 1.955 denuncias, medrando o 14,5%.

En setembro de 2024 había en VIOGEN (o Sistema de Seguimento Integral nos casos de violencia de xénero) 99.644 casos activos de vítimas, un 22,5% máis que hai un ano. Delas, 12 están expostas a risco extremo de volver ser agredidas; 1.046 a risco alto; 15.350 a un risco medio e 44.013 foron cualificadas como de risco baixo. En Galicia 5.668 casos activos, un 21,7% máis que hai un ano. Delas, 1 en risco extremo, 58 con alto risco e 950 con risco medio e 2.633 cualificadas de risco baixo.

En canto ao 016, desde a posta en marcha do servizo en setembro de 2007 e ata o 31 de agosto de 2024, efectuáronse un total de 1.316.515 chamadas pertinentes, 71.196 ata agosto de 2024. En Galicia nun só mes, o de setembro deste ano, efectuáronse 396 chamadas. A sexta comunidade autónoma na que máis chamadas se efectuaron.

Outra cara desta mesma moeda son a violencia psicolóxica e a violencia económica. Segundo a Enquisa Europea de Violencia de Xénero 2022, estímase que o 27,8% (4.646.050) das mulleres sufriu violencia psicolóxica no ámbito da parella, nalgún momento da súa vida. Ademais, o 7,8% (1.306.791 mulleres) sufriu violencia económica: a un 6,5% (1.085.685) de mulleres a súa parella ou exparella controláronlles toda a economía familiar ou controlado excesivamente os gastos que ela fai. A un 3,0% (498.185) prohibíronlles traballar.

Do #MeToo ao #Seacabó en todos os ámbitos

A este escenario de cifras humillantes súmanse as da violencia sexual. O #Metoo rompeu todos os silencios ao redor das agresións e a violencia sexual e este 2024 seguimos constatando que a súa extensión e gravidade, tal e como se puxo de manifesto nas últimas semanas, afectan a todos os ámbitos, incluídos a política, o traballo, o deporte ou o mundo da cultura, entre outros.

En España denúncianse 14 violacións ao día, é dicir, unha cada dúas horas; e 55 agresións sexuais ao día.

As forzas de seguridade -Policía Nacional, Garda Civil, policías autonómicas e locais- tramitaron nos seis primeiros meses 2.465 denuncias de violación fronte ás 2.305 do mesmo período do pasado ano. Uns números ante os que hai que ter en conta, ademais, que segundo a Macroenquisa de Violencia contra a Muller 2019, só se denuncia o 11% desta violencia sexual.

É preciso seguir traballando para a visibilización, a concienciación e a redución da tolerancia social ante estes delitos, así como na asistencia e a reparación para as vítimas. É

incomprensible que a estas alturas aínda non se abriron todos os centros de crises 24 horas de atención ás violencias sexuais previstos na Lei do Só si é Si. Seica hai vítimas de primeira e de segunda? A día de hoxe estes centros só existen en Cantabria (Santander), País Vasco (Bilbao e Vitoria), Madrid (2 centros), Asturias, Murcia (O Palmar), Navarra (Pamplona), Melilla e Castela-A Mancha (Albacete e Guadalaxara), aos que habería que sumar os servizos de intervención en crise 24 horas de Catalunya.

E ao falar de violencias sexuais tamén debemos referirnos ás tramas de prostitución de menores que escandalizaron á nosa sociedade en lugares como Murcia e Tenerife e reclamar medidas para que nada similar volva suceder nunca, ademais de gritar ben forte: NON á impunidad.

Violencias machistas nos traballos

Como ben sabemos as sindicalistas, os centros de traballo non son espazos alleos ás violencias machistas e, en particular, ás situacións de acoso sexual. UGT sabe tamén que segue tratándose dunha realidade moi invisibilizada e que as mulleres seguen vivindo en silencio e, a miúdo, con medo a denunciar, con terribles consecuencias para a saúde física ou psicolóxica. Sabemos que, #ante a falta de apoio, moitas destas situacións terminan en baixas ou, mesmo, coas mulleres abandonando os seus postos de traballo. É intolerable. E comprometémonos a seguir poñendo todos os medios sindicais necesarios para atallalo.

Estímase que do total de mulleres residentes en España que teñen entre 16 e 74 anos e que traballou algunha vez na súa vida o 28,4% (4.489.219) sufriu acoso sexual no traballo nalgún momento da súa vida.

De acordo coas medicións da Enquisa Europea de Violencia de Xénero, entre os comportamentos de acoso sexual máis frecuentes atópanse:

- As bromas indecentes ou ofensivas sobre o seu corpo ou vida privada: 18,0% (2.853.602).

- Estímase que un 10,9% (1.719.113) das mulleres recibiu suxestións inapropiadas para ter unha cita.

- Cálculase que o 10,4% (1.649.373) das mulleres tiveron contacto físico non desexado.

- O 7,4% (1.168.106) de mulleres recibiu suxestións inapropiadas de tipo sexual.

UGT lembra que todas as empresas e Administracións Públicas, independentemente do seu tamaño, teñen a obriga legal de ter protocolos fronte ao acoso sexual e por razón de sexo. E reivindicamos espazos de traballo seguros e libres de violencias. Comprometemos todo o noso activo sindical na denuncia e erradicación destes comportamentos agresores e na asistencia ás mulleres.

O emprego, esencial para as mulleres sobreviventes

UGT sabe que o emprego tamén resulta esencial para todas as mulleres sobreviventes ás diferentes violencias, é unha ferramenta que favorece a súa autonomía económica e persoal e unha vía de empoderamento e normalización. Por iso é necesario apoiar todas as medidas que favorezan a permanencia das mulleres nos postos de traballo, mediante as adaptacións necesarias a partir dos dereitos recoñecidos nas leis e tamén con medidas de apoio específico negociadas no marco dos plans da igualdade.

Reclamamos responsabilidade empresarial para facilitar o exercicio dos dereitos e ofrecer ademais todas as medidas de apoio posible. E facelas tamén extensibles ás vítimas de violencias sexuais ou de violencia vicaria.

Así mesmo, son necesarias medidas de apoio á integración laboral de quen se atopa fóra do mercado laboral. Neste sentido, o XVI Informe Anual do Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller 2022 (último informe publicado) sinala que, desde 2003, os contratos de mulleres bonificados por violencia experimentaron un aumento considerable. Os contratos de mulleres vítimas de violencia de xénero incrementáronse ata 960

contratos en 2022. Ademais, no ano 2022 houbo un total de 759 contratos de substitución de vítimas de violencia de xénero cun aumento do 164,5% con respecto a 2021. En Galicia dende 2003 até xuño deste ano 2024 os contratos bonificados foron 755 e os contratos de substitución 315.

Con todo, seguen parecendo cifras moi exiguas en relación á cantidade de vítimas, polo que habería que revisar a súa difusión e as posibles barreiras que concorran para a súa utilización.

En solidariedade coas mulleres de todo o mundo

No ámbito internacional temos que felicitarnos pola aprobación da primeira directiva para combater a violencia contra as mulleres, a Directiva (UE) 2024/1385 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de maio de 2024, sobre a loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica que prohíbe a mutilación xenital feminina e o matrimonio forzado a nivel europeo, e establece orientacións específicas para os delitos cometidos en liña, como a divulgación de información privada e o exhibicionismo cibernético.

Con todo, preocupan tamén a nivel europeo que o auxe das extremas dereitas e o seu discurso negacionista poida deixar sen efecto esta e outras normas, e, sobre todo, minguar o compromiso da Unión Europea co fin das violencias. Desde o sindicalismo non o imos permitir. Nin un paso atrás.

E non podemos terminar sen expresar a nosa profunda solidariedade coas mulleres de todo o mundo que nestes momentos sofren as consecuencias máis crúas dos conflitos bélicos. Segundo recente informe da ONU, en 2023, a proporción de mulleres asasinadas en conflitos armados duplicouse con respecto a 2022. Catro de cada dez persoas que morreron como

resultado de conflitos en 2023 eran mulleres. Os casos de violencia sexual relacionada cos conflitos verificados pola ONU aumentaron un 50%. E cada día, 500 mulleres e nenas en países afectados por conflitos morren por complicacións relacionadas co embarazo e o parto. A fins de 2023, en Gaza, xa devastada pola guerra, cada día 180 mulleres daban a luz, a maioría delas sen artigos de primeira necesidade nin atención médica.

En canto a Afganistán, urximos a actuar contra o 'apartheid de xénero' imposto polo réxime talibán, que excluíu ás mulleres de calquera manifestación da vida pública. Non poden estudar despois dos 12 anos, non poden ir soas pola rúa e, nunha última volta de torca máis retorcida mesmo, prohibiuse ata o son da súa voz en público. Tamén as mulleres de Irán están suxeitas ademais á violencia exercida contra elas polo Estado e a comunidade.

Diciámolo ao principio e recalcámolo agora. Este 25N de 2024 o berro global das mulleres é máis necesario que nunca. Dentro e fóra das nosas fronteiras. Nos centros de traballo e nas nosas casas, nas nosas rúas, en todos os espazos as mulleres reclamamos un presente e un futuro sen violencias machistas para as mulleres.

UGT convoca a todas as persoas afiliadas e ao conxunto da cidadanía para participar nas manifestacións unitarias que terán lugar con motivo desta data para contribuír á eliminación da violencia contra as mulleres.

UGT RECLAMA:

- **Un compromiso social inequívoco de todas as institucións e os poderes públicos na erradicación das violencias machistas. Instamos o Goberno central e os gobernos autonómicos e locais a que dediquen de forma sostida e crecente os recursos necesarios, especialmente os**

económicos, e que garantan en todos os ámbitos que lles son propios servizos de prevención e de atención integral ás vítimas de todas as violencias machistas.

- **A avaliación e o reforzo do Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero, garantindo a plurianualidade da distribución dos fondos.**
- **Mellorar as condicións de traballo das traballadoras da rede de atención ás violencias que atenden os servizos de primeira liña de atención a mulleres vítimas e sobreviventes, e os recursos residenciais, no conxunto das Comunidades autónomas.**
- **Esiximos a posta en marcha de todos os centros 24 horas de atención á violencia sexual previstos na Lei Orgánica de Liberdade Sexual en todas as provincias do Estado.**
- **Maior publicidade e accesibilidade das medidas laborais dispoñibles para as mulleres vítimas de violencia de xénero (contratos bonificados).**
- **Plans de inserción laboral para mulleres vítimas de violencias machistas.**
- **O cumprimento da normativa que obriga a empresas e Administracións Públicas a contar con protocolos de prevención e de acoso sexual e acoso por razón de sexo, acordados e negociados coa representación sindical.**
- **Garantir e vixiar a aplicación do Convenio 190 da OIT sobre a eliminación da violencia e o acoso que entrou en vigor no noso país o pasado mes de maio de 2023.**

¡Por un presente e un futuro sen violencias machistas para as mulleres!